

## CIENCIAS SOCIAIS 6º EP

### ACTIVIDADES ADAPTADAS

As actividades de Ciencias Sociais para facer estes días desde casa son as seguintes.

1. Estudar as páxinas do libro que aparecen a continuación.
2. Facer no caderno os exercicios 1, 2, 3, 4, 5 e 6 que aparecen neste documento.

Unha vez feitas estas actividades, tes que enviar fotos ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

Calquera dúbida, escíbeme un correo.

Moito ánimo!!!

Un abrazo grande!!!

Antía.


## ★ No alto das montañas

A **paisaxe** é o conxunto de elementos que vemos nun territorio concreto. Unha **paisaxe natural** é a que só está composta por elementos naturais: solo, plantas, animais, auga...

As zonas dos continentes afastadas do mar forman as **paisaxes de interior**. Nelas podemos atopar partes chairas e montañosas con lagos e ríos.

As **montañas** son as zonas máis altas do terreo.

Os **vales** son terreos que separan as montañas.



As **chairas** son zonas moi planas.

Os **ríos** nacen nas montañas e baixan polos vales.




Bosques.



Cultivos.

## ★ Vacacións na costa

As zonas dos continentes que están máis preto do mar chámanse **costas** e forman as **paisaxes de costa**. Estas paisaxes poden ser altas e rochosas, ou baixas e areosas. Nelas atópanse:



Ás veces hai bosques preto da costa, e outras veces hai moi poucas plantas.



## ★ Pegadas na paisaxe

Con frecuencia as persoas modificaron as paisaxes naturais. Fixeron cultivos ou construíron edificios, estradas... Estas paisaxes transformadas polo ser humano chámanse **paisaxes humanizadas** ou **artificiais**.

- Nas paisaxes humanizadas de costa, ademais, hai portos e faros.

Nos **portos** os barcos cargan e descargan mercadorías e pasaxeiros.



- Nas paisaxes humanizadas de interior tamén hai encoros e canteiras.

Os **encoros** acumulan auga dos ríos para que as persoas poidan beber ou regar os seus cultivos.



Existen **espazos protexidos**, que son paisaxes naturais onde, para preservalos, está prohibido construír e colocar elementos artificiais.

**1. Risca o que non podes encontrar nunha paisaxe de interior.**




illa      val      montaña      acantilado ou cantil  
                 río      chaira

**2. Completa as seguintes oracións.**

Os  adoitan encontrarse nas montañas.

Os cultivos adoitan estar nas .


**3. Completa as esquemas como no exemplo.**



4. Nomea o elemento da paisaxe de costa que está representado.



5. Escribe os elementos que foron construídos polas persoas.



6. Copia a oración verdadeira.

Os faros son propios das paisaxes de interior.

Os portos son propios das paisaxes de costa.

Nas canteiras os barcos cargan pasaxeiros.

Nos portos acumúlase a auga dos ríos.